CONSIDERACIÓNS CAPÍTULO 5 MEMORIA SOCIOECONÓMICA CES 2020

O aporte da ciencia, a investigación e a colaboración público-privada foron claves na recuperación económica e social neste ano de pandemia, por isto o CES considera esencial mellorar e impulsar esta colaboración entre a ciencia e a empresas, apostando polo talento investigador como base para unha recuperación transformadora.

Tralas especiais circunstancias motivadas pola pandemia, o CES quere alertar sobre a necesidade de garantir que ante posibles necesidades futuras todo o alumnado poda acceder a unha educación dixital.

O CES considera necesario impulsar a Compra Pública Innovadora como mecanismo tractor da innovación en Galicia

A profunda transformación á que se enfronta o noso tecido produtivo debe ir acompañada por un sistema educativo e formativo flexible e áxil que lle permita adaptarse a estes cambios en beneficio dunha maior competitividade